



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 12/01/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás

Concelleiros ausentes:

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. José Romero Ledo.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día doce de xaneiro de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día quince de decembro do pasado ano dous mil sete. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. PROPOSTA DE INICIATIVA EMPRESARIAL DO NOROESTE SOBRE CONSTRUCCIÓN CIVIL EN ASTANO.

Dase conta do escrito presentado pola referida entidade, para esixir o cumprimento dos acordos relativos á finalización do veto para a construción civil convencional na antiga Astano. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello de xeito unánime. Os acordos cuxa adopción polo Pleno do Concello se demanda son as seguintes solicitudes:

“1.- Un pronunciamento que inste ó Executivo galego a que apoie a demanda ó Goberno Central da reapertura de negociacións sobre o futuro do estaleiro de Fene, de modo que se garanta a plena ocupación non só do seu persoal, senón operativa das súas instalacións mediante o pleno acceso á carteira de negocio civil en igualdade de condicións que o resto de factorías do grupo e que



os estaleiros comunitarios. Na mesma medida, instar ó Goberno galego para que demande do Goberno central a reapertura de diálogo coas organizacións sindicais asinantes do acordo do 16 de decembro de 2004, así como co resto de sindicatos con representación no sector, para renegociar os seus termos.

2.- Na mesma liña, instar ó Goberno do país a que afonde nas negociacións coa Unión Europea para que o estaleiro de Fene poida acceder, sen restricións, ó mercado naval convencional de forma inmediata mediante o levantamento do veto que pesa sobre él ou, no seu defecto, que poida facelo unha vez finalice a vixencia da directiva comunitaria sobre a materia de referencia, o 31 de decembro de 2007.

3.- Instar ó Goberno galego para que demande do Executivo central o desenvolvemento dun plano de empresa que permita ó estaleiro de Fene afrontar con éxito, baixo a responsabilidade pública, e tomando como referencia o acceso a un mercado libre, un futuro competitivo.

4.- Instar ó Goberno galego a que demande do central o fomento dun acordo que permita a participación coordinada, baixo a dirección da empresa pública, da industria auxiliar do sector de cara a regular as condicións de contratación e traballo, así como aquelas que permitan a melloras das capacidades técnicas e humanas das súas plantillas.”

O Sr. Bedoya toma a palabra para amosar a conformidade do seu grupo coa proposta, sinalando que xa hai meses foi aprobada, cando gobernaba o PP, unha proposta semellante.

O Sr. Márquez fala brevemente de seguido para manifestar o seu apoio á proposta coa finalidade de garantir a carga de traballo para o estaleiro e o futuro de Ferrol.

O Sr. Varela interven a continuación indicando a conformidade do grupo do BNG coa proposta, coa salvidade de que se considera admisible a participación da iniciativa privada no caso de que sexa compatible coa pública e de que haiba espazo físico nas instalacións existentes, polo que se suprimiría do texto anterior a frase “baixo a responsabilidade pública“, do punto terceiro. Solicita ademáis que se engadan outros dous puntos ó acordo que se adopte polo Pleno: un polo que se solicite da SEPI que os terreos manteñan a súa integridade para a construción e reparacións no sector naval, civil ou militar, e outro polo que se demanda carga de traballo para Navantia-Fene, sen que afecte ós pedidos xa coñecidos e nos que traballa esa instalación.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que polo referido á participación de investimentos privados, se absterá na votación, xa que entende que nunha actuación destas características, debe prevalecer a iniciativa pública.

O Sr. Bedoya remata decindo que se trata dun tema recorrente, xa prantexado con anterioridade e que rexurde nas campañas electorais, e pedindo que, sexa con cartos públicos ou privados, se executen dunha vez os compromisos que se asumen durante as campañas electorais en relación con este tema.

Sometido seguidamente a proposta de que se trata a votación ordinaria, nos seus propios términos, a Corporación aproba por unanimidade dos seus nove membros presentes. Sométense de seguido a nova votación ordinaria as enmendas propostas polo Sr. Varela, incluída a supresión da frase “baixo a responsabilidade pública“ do punto terceiro, e a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e PP, cunha abstención, do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación á enmenda de que se trata.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE CADRO DE TARIFAS DO SERVIZO DE ACCESO PÚBLICO A INTERNET E VOZ IP.

Dase conta do cadro de tarifas para a prestación dos servizos de que se trata xa aprobado pola Xunta de Goberno Local cando se adxudicou o servizo de “Posta en marcha de rede de



telecomunicación sen fíos de acceso público a Internet e voz IP”, xa que este cadro de tarifas formaba parte da oferta á que se adjudicou o contrato. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello, de xeito unánime.

As tarifas de que se trata para o acceso a banda ampla son as seguintes:

Nº clientes	1 Mb	2 Mb	4 Mb
>0 <50	25,90 €	30,90 €	35,90 €
>50 <77	21,90 €	26,90 €	31,90 €
>75 <150	19,00 €	24,00 €	29,00 €
>150 <300	18,00 €	23,00 €	28,00 €
>300 <500	17,50 €	22,50 €	27,50 €
>500 <1000	16,90 €	21,90 €	26,90 €
>1000	15,90 €	20,90 €	25,90 €

As tarifas para o servizo de voz IP serían as seguintes:

Tipo de línea	Cota mensual
Sen numeración xeográfica	
Línea de voz IP	0 €
Línea de voz IP + tarifa plana nacional	5,00 €
Con numeración xeográfica	
Línea de voz IP	6,00 €
Línea de voz IP + tarifa plana nacional	12,95 €
Portabilidade de número actual a Voz IP	35,00 €

As referidas tarifas son con o IVE non engadido.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda prestarlle a súa aprobación ó exposto cadro de tarifas para a prestación do servizo de acceso público a Internet e voz IP que próximamente comezará a prestar este Concello, así como ordear a realización dos trámites necesarios para posibilitar a súa aplicación.

CUARTO. CESIÓN DE ANTIGAS ESCOLAS UNITARIAS AO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO.

Dase conta pola Alcaldía do expediente tramitado para a cesión gratuita ó referido Instituto de dúas antigas escolas unitarias, actualmente sen uso, as ubicadas no lugar de Leiriña, parroquia de Ferreira, e no lugar de Silvalonga, parroquia de San Sadurniño, coa finalidade da transformación deses edificios en vivendas destinadas ó aluguer por tempo limitado para mozos menores de trinta e cinco anos. Cada unha desas dúas edificacións podería albergar catro vivendas cunha superficie de entre 50 e 60 metros cadrados, aproximadamente. O investimento previsto será duns 200.000 € por cada un deses dous edificios, e as obras poderíanse iniciar no presente exercicio 2008. O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello, de xeito unánime. Ámbalas dúas escolas figuran incluídas no Inventario de Bens deste Concello, como inmobles urbanos, na folla 13 a escola de Ferreira de Arriba (Leiriña) e na folla 42 a de Silvalonga.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para dicir que o seu grupo apoiará esta proposta, e que tódolos investimentos que se fagan neste campo lles parecen ben, e para preguntar porqué non se cede tamén a vella escola unitaria de Igrexafeita, que está nunha finca moi aproveitable e sobre a que xa se adoptou polo Pleno un acordo de cesión hai meses. Polo referido á escola de Leiriña, que viña sendo utilizada como local electoral, pregunta donde se ubicará a mesa para as vindeiras eleccións, e cal é a opinión dos veciños da zona respecto a esta proposta, xa que quedarán sen lugar par as súas xuntanzas; en relación á de Silvalonga, di que xa se fixera un estudo previo cando él era Alcalde e que é probable que o edificio non serva para rehabilitar, porque é moi vello e está en mal estado.

O Sr. Alcalde interven de seguido para manifestar que a presente proposta resposta a un compromiso electoral e pretende acadar á posta en valor de edificios públicos infrautilizados; que na asemblea realizada na parroquia de Ferreira os veciños demandaron un local social, polo que se decidiu adicar a esa finalidade a escola de Ferreira de Abaixo, ubicada no lugar da Seara, na que o Concello xa investira algo, existindo no presuposto de 2008 unha partida para iniciar as actuacións necesarias. Respecto á ubicación da mesa electoral, resolverase cando proceda, e pódese usar a escola da Seara. Polo referido á cesión da escola e a finca de Igrexafeita, di que non se fixo nada para o cumprimento do acordo da súa cesión, e que as previsións para esa finca son para cando estea en vigor o Plan Xeral, e se está considerando a posibilidade de que sexa solo público para adicar a solares. En relación co edificio de Silvalonga, di que xa está visto polos técnicos, que a recuperación parece posible e que xa está valorada.

Interven brevemente de seguido o Sr. Varela, para dicir que está prevista a creación dunha asociación de veciños que agrupe a tódolos veciños de Ferreira, e que funcionaría no local social que se ubique na antiga escola de Seara.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda:

1º.- Ceder gratuitamente á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, e concretamente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo as antigas escolas unitarias de Leiriña, parroquia de Ferreira, e Silvalonga, parroquia de San Sadurniño, identificadas mediante certificacións do Inventario de Bens do Concello redactadas polo Secretario e obrantes no correspondente expediente, coa exclusiva finalidade da construción de vivendas sociais destinadas ao aluguer.

2º.- O presente acordo someterase a información pública polo prazo de quince días no taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse, o acordo considerarase definitivo.

3º.- Ordear que se de conta do contido do presente acordo ó órgano competente da comunidade autónoma de Galicia.

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, para a realización dos trámites e a subscripción dos documentos precisos para a plena efectividade do presente acordo, e en particular, para o asinamento da necesaria escritura pública de cesión.

5º.- Ordea-la rectificación do Inventario Municipal de Bens do Concello, consistente no pase das fincas de que se trata do epígrafe 1, bens inmoables, ó epígrafe 8, bens e dereitos reversibles, xa que as cesións de que se trata quedan sometidas a condición resolutoria expresa con dereito de reversión, para o caso de que non se adiquen as fincas de que se trata á finalidade exposta no apartado 1º do presente acordo.



6º.- Ordear así mesmo a remisión dunha certificación do presente acordo, á brevidade posible, ó Rexistro da Propiedade de Ferrol, ós efectos sinalados no Regulamento de Bens das entidades locais.

QUINTO. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.

Dase conta pola Alcaldía do expediente tramitado para a aprobación do Regulamento de participación veciñal do Concello de San Sadurniño, segundo a proposta elaborada polo grupo de goberno e favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello, de xeito unánime.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que a proposta cumpre cun compromiso electoral do seu grupo, para posibilitar unha democracia real, na que o papel dos veciños non sexa soamente o de elixir ós seus representantes cada catro anos. Di que se trata dun texto sinxelo e resume brevemente o contido de cada un dos oito capítulos en que se divide, sinalando que o considera un dos regulamentos máis avanzados do país, que permitirá artellar unha democracia auténticamente participativa, incentivando as aportacións dos veciños.

O Sr. Bedoya interven de seguido para dicir que o seu grupo apoia a iniciativa, aínda que pensan que hai que agardar a ver como se desenvolve a idea, e posiblemente introducir modificacións cando se vexa o seu funcionamento nos primeiros meses.

O Sr. Márquez fala a continuación para indicar que lle parece de grande importancia aprobar un instrumento que permitirá mellorar a participación dos veciños no concello, para que a súa aportación non se limite a votar cada catro anos.

O Sr. Varela, nunha breve intervención, formula unha crítica constructiva do PP, que agora pasa a admitir e apoiar a participación dos veciños nos plenos municipais.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda aprobar o Regulamento Municipal de participación veciñal deste Concello, ordenando a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

URXENCIA. Antes de pasar ó sexto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o propio Sr. Alcalde, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter para a súa inclusión na orde do Día da presente sesión: a derogación da Ordenanza de unións non matrimoniais deste Concello, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 25, do día 31 de xaneiro de 2007, con motivo da entrada en vigor do Decreto 248/2007.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA PRIMEIRO. DERROGACIÓN DA ORDENANZA DE UNIÓNS NON MATRIMONIAIS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.



Dase conta polo Sr. Alcalde que, tras a publicación no Diario Oficial de Galicia nº 5, do pasado día 8 de xaneiro de 2008, do Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, non ten moito sentido manter unha regulación do asunto de nivel municipal que ademáis presenta algunhas diferencias respecto á recentemente publicado Decreto, especialmente tendo en conta que segundo o establecido no artigo 27 dese Decreto, a constitución das parellas de feito soamente se entende efectuada tras a inscrición no Rexistro galego.

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda derogar a Ordenanza de unións non matrimoniais deste Concello, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 25, do día 31 de xaneiro de 2007, e ordear a realización dos trámites e a publicación dos anuncios necesarios para a plena efectividade do presente acordo.

Toma a palabra seguidamente o Sr. Alcalde, para propoñer a inclusión doutro punto como urxente para a súa inclusión na orde do Día da presente sesión: a toma de razón de acordos da Xunta de Goberno Local e resolucións da Alcaldía de datas recentes.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta polo Sr. Alcalde do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada onte, 11 de xaneiro, na que se adoptou, entre outros, un acordo de posta a disposición da Consellería do Medio Rural dos terreos necesarios para a execución mediante convenio de obras en varias pistas municipais, e os acordos complementarios necesarios para posibilitar a realización desas obras no presente exercicio económico, relativos á renuncia a percibir tributo algún e á asunción da conservación das pistas tras o remate das obras.

A Corporación queda enterada e conforme co contido dese acordo.

Dase conta de seguido de varias resolucións da Alcaldía:

- Unha do oito de xaneiro, pola que se aproba a relación provisional de admitidos ó concurso oposición para a provisión en propiedade unha praza de operario de maquinaria municipal.

- Outra do once de xaneiro, pola que se aproba a relación provisional de admitidos e se nomea o tribunal para a provisión en interinidade dunha praza de arquitecto municipal, mediante concurso de méritos.

- Outra da mesma data, once de xaneiro, pola que se modifica o ámbito obxectivo da delegación de atribucións realizada en favor do Concelleiro Manuel Varela Mecías, para a área de Cultura e Participación Veciñal, ampliando as súas competencias ao turismo, de maneira que a súa área competencial pasa a denominarse área de Cultura, Participación Veciñal e Turismo.

A Corporación queda enterada e conforme co contido desas resolucións.

SEXTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para formular o rogo de que no sucesivo sexa convocada a necesaria comisión informativa para a adopción dos acordos relativos ás obras a realizar mediante convenio coa Consellería do Medio Rural, para que a oposición poida participar na determinación desas obras. Critica ademáis a escaseza da cantidade prevista para investir no presente exercicio



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

económico nesas obras, que aínda non chega a compensar o perxuízo que San Sadurniño experimentou cando foron anulados os convenios asinados polo anterior executivo da Xunta, lembrando que nesa ocasión pagaron xustos por pecadores e neste Concello elimináronse obras perfectamente asumibles porque había outros nos que as obras incluídas non tiñan carácter rural. Di sen embargo que os camiños que se van facer este ano son necesarios e que o seu grupo apoiará esas obras.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que o investimento previsto supera os 150.000 €, que non se farán favores electorais como en anteriores ocasións, senon que se investirá en lugares nos que fai falla, e que Medio Rural non quitou nada a San Sadurniño, senon que se tratou da necesaria anulación duns convenios non xustificados e asinados por un goberno de transición.

O Sr. Bedoya remata dicindo que o convenio de San Sadurniño non foi asinado por ningún goberno en transición, porque xa estaba asinado con anterioridade.

Formula de seguido o Sr. Bedoya outro rogo, o de que se poña a funcionar canto antes a fonte da ermita de Belén, que soamente usa o sobrante doutra fonte situada máis arriba, respostándosele polo Sr. López Gudín que se fará tan pronto como se poida, tendo en conta que xa non temos a cuadrilla de traballadores desempregados contratada polo convenio coa Consellería de Traballo.

Formula a continuación o Sr. Bedoya unha pregunta sobre os criterios de selección dun axente de emprego e desenvolvemento local que recentemente comezou a prestar os seus servizos ó Concello. O Sr. Alcalde resposta que a propia orde de convocatoria da axuda económica obtida para esta contratación da Consellería de Traballo sinalaba que a selección tiña que facerse mediante presentación de oferta diante do Servizo Galego de Colocación, que foi o que se fixo, tal como queda acreditado no expediente. De entre os trece solicitantes de emprego seleccionados por este Servizo, foi elixido un en base o curriculum e a unha entrevista realizada polo Concello ós seis aspirantes que voluntariamente se presentaron. Os custes sociais desta praza están financiados pola referida Consellería nunha porcentaxe do 80%, sendo o custe social total da praza duns 30.000 Euros anuais.

O mesmo Sr. Bedoya prantexa de seguido outra pregunta: cando se vai informar ó seu grupo e ós veciños dos avances na redacción do PXOM, xa que non se sabe nada despois de sete meses de goberno.

O Sr. Alcalde resposta que se están incorporando ó documento os traballos arqueolóxicos necesarios, e que se continúa a traballar segundo o calendario proposto pola empresa redactora, estando prevista a aprobación definitiva para finais do 2009. Informarase ó grupo da oposición e ós veciños tan pronto como se dispoña de datos completos, organizando unha xuntanza a tal finalidade. Diante da solicitude do Sr. Bedoya de datas concretas, o Sr. Alcalde di que se fará tan pronto como sexa posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinteseite minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,